

IV CONCURSO DE CARTEIS APÓSTOL SANTIAGO

1. **Participantes:** Alumnado de ESO e Bacharelato.
2. **Obxectivo:** elaborar o cartel anunciador do Concurso Literario. A imaxe deberá estar relacionada co concurso, facendo alusión á literatura. Os carteis conterán necesariamente a lenda **XXXII Concurso Literario**.
3. **Técnica:** serán de concepción e técnica libre, sempre que sexa posible a súa impresión. For cal for a técnica escollida, entregarase un orixinal impreso en papel e, se a técnica o permite, enviarase ademais en soporte dixital e formato pdf ao enderezo electrónico antiguos.alumnos@colegioapostol.com
4. **Forma de entrega:** cada orixinal entregarase nun sobre grande onde figurará o título do traballo e un pseudónimo. Dentro incluírase un sobre pequeno cos datos persoais do autor ou autora (nome e apelidos, curso e sección).
5. **Tamaños:** o tamaño das obras será unha folla Din A3 (42 x 29,7 cm).
6. **Orixinalidade:** os traballos han de ser orixinais e inéditos, non podendo ser presentados anteriormente a outros concursos e que non supoñan, en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou doutros artistas. O non cumprimento destas bases implicará a descualificación automática.
7. **Prazo:** o prazo de presentación das obras rematará o venres 15 de decembro do 2017.
8. **Premio:** o premio principal será a impresión dos carteis e de marcapáxinas co nome do gañador mais un premio en metálico de 60 euros.
9. **Xurado:** ditaminará a obra gañadora un xurado composto por un membro da Editorial Anaya-Xerais, un membro da Asociación de Antigos Alumnos, un membro da ANPA, un artista pintor e un profesor do Departamento de Plástica do Colexio.
10. **Exposición e publicación:** o cartel será amplamente difundido en todo o Colexio, incluído nas páxinas web do Colexio e da Asociación de Antigos Alumnos, e publicado nas revistas de ambas institucións (*O Noso Lar* e *Bellavista*), así como no blog da ANPA.
11. As obras presentadas quedarán no poder do Colexio.
12. O feito de participar no concurso supón a total aceptación destas bases

